

### 8.3. Criterios de cualificación

Os resultados da avaliación dos alumnos expresaránse nos seguintes termos: Insuficiente (IN), Suficiente (SU), Ben (B), Notable (NT) e Sobresaínte (SB), dos que se considerará calificación negativa a de Insuficiente e positivas todas as demás. Irán acompañadas dunha cualificación numérica, sen empregar decimais, (aplicaranse as normas de redondeo) nunha escala de un a dez, e aplicaranse neste caso as seguintes correspondencias: Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4; Suficiente, 5; Ben, 6; Notable, 7 ou 8; Sobresaínte, 9 ou 10.

En particular, os criterios de cualificación para a materia de Música son os seguintes:

		Probas escritas	Interpretación	Traballos
2º ESO	1ª Avaliación	<b>60 %</b>	<b>25 %</b>	<b>15 %</b>
	2ª Avaliación	<b>50 %</b>	<b>30 %</b>	<b>20 %</b>
	3ª Avaliación	<b>40 %</b>	<b>40 %</b>	<b>20 %</b>
4º ESO	1ª Avaliación	<b>35 %</b>	<b>25 %</b>	<b>40 %</b>
	2ª Avaliación	<b>35 %</b>	<b>25 %</b>	<b>40 %</b>
	3ª Avaliación	<b>35 %</b>	<b>25 %</b>	<b>40 %</b>

Para obter a cualificación final do curso farase unha cálculo da cualificación media, segundo a seguinte táboa:

	1ª avaliação	2ª avaliação	3ª avaliação
2º ESO	<b>25 %</b>	<b>30 %</b>	<b>45 %</b>
4º ESO	<b>30 %</b>	<b>35 %</b>	<b>35 %</b>

**Considerarase que un alumno ou unha alumnna superou a materia no curso ordinario cando a nota media calculada seguindo a táboa anterior sexa igual ou superior a 5.**

Resérvanse as dúas últimas semanas do curso para que o alumnado que non supere a materia poida realizar actividades e probas de recuperación.

#### **1. Alumnado coa materia superada**

Nas dúas últimas semanas do curso, este alumnado realizará actividades de reforzo e ampliación avaliables, de maneira que a cualificación final será o resultado da media ponderada da nota media das tres avaliaciones parciais (90%) e a nota das actividades realizadas neste período (10%).

As familias do alumnado que se atope nesta situación serán informadas desta situación a través da ferramenta abalarMóbil.

## 2. Alumnado coa materia suspensa

Nas dúas últimas semanas do curso, o alumnado nesta situación deberá realizar actividades e probas de recuperación de aquelas partes non superadas. Por este motivo, realizarase un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación e no que quedarán claramente determinados aqueles bloques de contido obxecto de recuperación por parte de cada alumno ou alumna e as actividades e probas de recuperación a realizar.

Esta información será trasladada, ademais de a cada alumno ou alumna, ás familias a través da ferramenta abalarMóbil.